

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
VINTE E DOUS DE NOVEMBRO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
 Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE
 D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
 Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día vinte e dous de novembro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día nove de novembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 1768/11 de dona Silvia Turnes Otero

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para proceder á demolición de vivenda e edificacións auxiliares situadas en Pousada de Abaixo nº 14 -Vedra, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1) de acordo co proxecto presentado redactado polo arquitecto don Julio Vázquez Suárez cun orzamento de 2.320,00 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: axustarase ao proxecto presentado; o prazo para a execución será de seis meses debendo comunicarlle ao concello a data do derrubamento cun mínimo de 15 días de antelación para tomar as medidas oportunas; deberase colocar un cercado na fronte da parcela dunha altura mínima de 2,00 m. de materiais que ofrezan seguridade debendo deixar un paso para os peóns na calzada de polo menos 60 cm. Ademais en cumprimento do artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e seis euros con corenta céntimos (#46,40#)

2.2.- Instancia núm. 1.692/11 de dona María Begoña Fernández González.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, expón que con data 13/01/2009 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar en Paradela (licenza 1/2009) e rematadas as mesmas, e a chegando a documentación preceptiva solicita que de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se lle conceda a correspondente licenza de primeira ocupación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

2.3.- Instancia num. 1502/11 de dona Olga Iglesias Peiteado

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construcción dunha rampla de acceso á finca nº 1455, de aproximadamente 3 m. de ancho, no lugar de Sete.

Dáse conta así mesmo da autorización do Servizo de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo axustarse ás condicións da citada autorización.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoito euros con tres céntimos (#18,03#).

2.4.- Corrección erro no acordo de concesión de licenza de primeira utilización a dona Vitalicea Martínez Mejuto.

A Xunta de Goberno en sesión celebrada o vinte e cinco de outubro do ano que andamos concedeulle licenza de primeira utilización a dona Vitalicea Martínez Mejuto para a súa vivenda unifamiliar situada en Pousada de Abaixo (exp. 39/2008 e 103/2008), e por erro aprobouse a liquidación de taxas por importe de cento vinte euros (#120,00#) euros, cando o seu importe era de noventa (#90,00#) euros.

3º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.

3.1.- Escrito núm. 1680/11 de Obras y Viales de Galicia, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Luís A. García Gutiérrez, en representación de Obras y Viales de Galicia, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra de Mellora e acondicionamento de viais en Matelo, A Gándara, Socastro, Galegos, Angustín e Outeiro do POS 2010 (Importe 3.655,74 euros).

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

4º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de decreto da Alcaldía solicitando subvención para proxectos de aforro enerxético

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catorce de novembro do ano que andamos, que di o seguinte:

“Á vista da Resolución do 2 de setembro de 2011 do Instituto Enerxético de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética para o exercicio 2011 (DOG nº 176, do 14 de setembro de 2011).

Baseándome nas competencias que me outorga o artigo 21.1.g da Lei de bases de réxime local e demais de aplicación para o efecto.

RESOLVIN:

PRIMEIRO.- Solicitar a citada subvención para o proxecto *Actuacións de aforro enerxético no alumado público de Vedra*, cun orzamento total de 45.720,75 euros.

SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local.”

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a citada Resolución

5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe da monitoria dona Lucia Sevio do mes de outubro. Importe 63,84 euros

Quilometraxe da funcionaria dona María Canedo por xestións relacionadas coas Eleccións Xerais. Importe 57,67 euros

Quilometraxe e gastos de peaxe de autoestrada da traballadora dona M^a. Montserrat de la Fuente do mes de outubro. Importe 104,58 euros

Quilometraxe e gastos de peaxe de autoestrada do traballador don Iván García do mes de outubro. Importe 96,60 euros

Quilometraxe da educadora familiar dona Carmen A. Sabio do mes de novembro. Importe 76,77 euros

Quilometraxe do operario de servizos varios don José I. Munín do mes de outubro. Importe 142,59 euros

Horas extraordinarias do axudante de recollida de lixo don Jesús Fernández Pereira de xuño a outubro. Importe 807,30 euros

Horas extraordinarias do condutor de recollida de lixo don Juan Duarte Porto de xuño a outubro. Importe 1.135,80 euros

Fondo social do Sr. Secretario, don Carlos J. Méndez -Losada, (oftalmoloxía), segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 189,75 euros

Gastos por provisión de alimentos para o servizo de madrugadores. Importe 25,71 euros

Factura correspondente a comidas da excursión a Portugal, con achegas dos participantes. Importe 864,00 euros

Recibí de dona Mercedes Nodar Sanmartín por charla e saída nas xornadas micolóxicas 2011, do proxecto Entretempo de Outono. Importe 100,00 euros

Factura núm. C11 1501 de Galitran-96, S.L por transporte de alimentos da Cruz Vermella dende A Coruña a Vedra. Importe 247,80 euros

Factura núm. 95006565 de Fornecementos Galegos, S.L por copias realizadas na fotocopiadora do concello nos meses de setembro e outubro. Importe 1.554,13 euros

Factura núm. 95006801 de Fornecementos Galegos, S.L por cartuchos de grampas para fotocopiadoras. Importe 77,90 euros

Factura núm. 95005979 de Fornecementos Galegos, S.L por traballo de instalación e configuración de impresoras nos novos equipos informáticos. Importe 89,43 euros

Facturas de Gas Natural, S.A correspondentes a locais municipais do mes de setembro. Importe 1.163,99 euros

Facturas de Gas Natural, S.A correspondentes ao centro de saúde de Vedra do mes de setembro. Importe 442,26 euros

Facturas de Gas Natural, S.A correspondentes ao albergue dos meses de agosto e setembro. Importe 376,82 euros

Factura de Gas Natural S.A correspondente ao pozo de bombeo de Socastro. Importe 6,41 euros

Factura de Gas Natural S.A. do albergue no mes de setembro. Importe 170,18 euros.

Recibo de contado de Mopisca por combustible para estufa do local de Vilanova, no que se imparte a actividade de pilates. Importe 18,90 euros

Recibo de La Voz de Galicia, SA por subscrición ao xornal no mes de outubro. Importe 32,00 euros

Recibo de Editorial Compostela, S.A por subscrición ao xornal EL Correo Gallego no mes de novembro. Importe 41,00 euros

Tícket de compras en Vedra para xustificación de premio de Vedra ao descuberto no mes de outubro. Importe 100,00 euros

Factura númer. ST/007189 de VSM Sistemas Coruña, S.A por tóner para o Fax. Importe 89,89 euros

Tícket de contado de Tinturería Centro Elegante por lavado de bandeira. Importe 8,00 euros

Factura númer. FTPV11-3148 de Hisemar por arranxo de máquina lavafondos piscina. Importe 666,70 euros

Factura de Leroy Merlin por andeis para o arquivo. Importe 337,50 euros

Adquisición e recargas de tarxetas metropolitanas. Importe 105,00 euros

Facturas de Telefónica Móviles España, S.A do mes de outubro. Importe 522,74 euros

Facturas de Comercial Extintores de Galicia, S.L por recarga e retimbrado de extintores. Importe 1.301,54 euros

Factura númer. 2 de José M. de la Torre Lobato por limpar finca estremeira co punto limpo. Importe 291,06 euros

Facturas de Talleres San Fins, S.L por arranxos na maquinaria municipal no mes de outubro. Importe 1.018,33 euros

Facturas de Editorial Compostela, S.A por publicidade festas parroquiais e outros. Importe 637,20 euros

Factura númer. 31 6314 de Ulla Oil, S.L por provisión de gasóleo bonificado para os tractores municipais. Importe 1.285,16 euros

Factura númer. 31 6313 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para a gardería municipal. Importe 551,80 euros

Factura númer. 4320110301396 de Espina&Delfin por consumo de auga no 3º trimestre. Importe 484,23 euros

Factura númer. 201100141 de Manuel Botana Granja por materiais diversos. Importe 15,06 euros

Factura númer. 1539 de Droguería -Ferretería El Sol por materiais para os vestiarios do campo de fútbol de San Mamede e outros. Importe 894,48 euros (coa abstención da Presidencia por ser parte interesada).

Factura númer. 11/01068 de Sapa Con. y Serv. por retirada de materiais do punto limpo. Importe 372,60 euros

Factura númer. 2011/2794 de Sogama por tratamiento dos residuos sólidos do mes de outubro. Importe 7.744,17 euros

Factura númer. 328/11 de Talleres e Repuestos Barco, S.L por repostos varios. Importe 431,93 euros

Facturas de Telefónica de España S.A.U. por telefonía fixa do mes de outubro. Importe 1.544,28 euros.

Recibos de Seguros de Catalana de Occidente dos tractores municipais. Importe 222,00 euros.

Factura. númer. VD 10/2011 de Ana Naya García S.L. polo servizo da gardería municipal do mes de outubro. Importe 5.969,35 euros.

Factura númer. 8007797 de Lyreco España S.A. (antes Ofiservice) por gastos de xestión de cobro de facturas atrasadas. Importe 128,74 euros.

Factura númer. 2011800068 de Metal.lics Tordera S.L.U por xuros de mora da súa fra. nº 2011800006. Importe 196,49 euros.

Factura númer. 129/11 de Montajes Eléctricos Vizcaíno S.L polo mantemento dos alumeados públicos en outubro. Importe 2.300,00 euros

Factura númer. 13/2011 de Fermín González Blanco S.L por redacción do plan especial de protección de núcleo en Ponte Ulla do mes de outubro. Importe 2.476,63 euros.

Factura númer. 584 de Hierros Diego S.L por materiais para a brigada de obras. Importe 84,46 euros.

Factura númer. A/1025 de Galiza Verde S.L. por recollida selectiva en outubro. Importe 798,68 euros.

Factura. númer. 23620 de Muebles Ulla por butacas para a Alcaldía. Importe 399 euros.

Factura númer. 52 de Grupo Acofide S.C pola xestión de actividades e mantemento do pavillón municipal no mes de outubro. Importe 5.826,25 euros.

Liquidación nº 661 do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar polo servizo de xantar na casa do 4º trimestre de 2010. Importe 471,24 euros.

Factura númer. 01-1292 de Puente Ulla S.L por combustible para a brigada verde en outubro. Importe 93,59 euros.

Factura númer. 01-1293 de Puente Ulla S.L por combustible para o camión de recollida de lixo en outubro. Importe 1.663,53 euros.

Factura númer. 1CSN111100190463 de CHC Energía S.A polo alumeadoo público de Caldelas no mes de outubro. Importe 446,64 euros.

Factura númer. 364 de Socyser-Coesco Deza S.L polo servizo de axuda no fogar en setembro. Importe 4.069,03 euros.

Factura númer.365 de Socyser-Coesco Deza S.L polo servizo de dependencia en setembro. Importe 10.727,87 euros.

Factura númer. 412 de Socyser-Coesco Deza S.L polo servizo de axuda no fogar en outubro. Importe 4.148,10 euros.

Factura númer. 413 de Socyser-Coesco Deza S.L polo servizo de dependencia en outubro. Importe 10.317,80 euros.

Factura númer. 2011215 de Electricidad Cruceiro S.L por acometida eléctrica na estación de bombeo de San Xián de Sales. Importe total 1.593,00 euros.

Facturas númeras de 2011216 a 2011225 (dez facturas) de Electricidad Cruceiro S.L por ampliacións nos alumeados públicos. Importe total 23.691,95 euros.

Factura númer. 77683 de Recambios Santiagueses S.L por materiais para os tractores municipais. Importe 769,30 euros.

Factura númer.4000811323 de Correos polo franqueo pagado do mes de outubro. Importe 282,04 euros.

Factura númer. 888 de Vda. De Parada y J. Alvela S.L por castañas para o magosto. Importe 171,60 euros.

Factura do 05-11-2011 de Panadería Victoria por castañas para o magosto. Importe 90,00 euros.

Factura númer. V113508 de Ricoh España S.L.U por fotocopias do concello e bibliotecas en novembro. Importe 296,39 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

6º.- Dar conta de Resolución da Alcaldía

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catro de novembro do ano que andamos, pola que se require a dona Inés Diz Canicoba, titular da parcela nº 1361 do polígono 507 do plano do catastro de rústica deste concello, sita en A Torre -Santa Cruz de Ribadulla, para que proceda á limpeza da mesma.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dez de novembro do ano que andamos, pola que se lle concede a dona Livia Mendonca da Silva unha axuda de trinta e sete euros con vinte céntimos (#37,20#), con cargo ao programa de emergencia social, para gastos de desprazamento dende Vedra ata Coruña para atender a citación da Xunta de Galicia.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7º.- Outros asuntos

7.1.- Escrito númer. 1813/11 de dona Isabel Ferreira Orosa.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 52% segundo certificado emitido polo equipo de valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumplir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

7.2.- Designación Mesa de Contratación Permanente.

De acordo co establecido na Lei 30/2007, do 30 de outubro, e no artigo 21 do Real Decreto 817/2008, do 8 de maio, que a desenvolve parcialmente, a Xunta de Goberno acorda designar como membros da Mesa de Contratación Permanente deste concello aos seguintes Sres/Sras:

Presidente Titular: D. Carlos Martínez Carrillo

Presidente Suplente: D. Manuel Costa Carneiro

Vogais: D^a. M^a. Jesús Piñeiro Caldelas .

Suplente D. Rogelio Lema Mougán

D^a. Lucía González Louro.

Suplentes: D. José Alvela Edreira e don José Antonio Pose Rodríguez

D. Carlos J. Méndez -Losada Abalo, Secretario-Interventor do concello

1 técnico municipal designado pola Alcaldía

Secretaria: D^a. Mercedes Pereiras Caldelas, funcionaria do concello.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e quince minutos.